

**ROGO DE AER SOBRE DIFUSIÓN DE ANUNCIOS E DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA EN RADIO REDONDELA. (Rex. Entrada 05.09.2017, 2017-E-RPLN-2).**

PLENO 06 NOVIEMBRE 2017. ACTA 09/2017

*Aproveitando que Redondela conta cunha radio municipal pública e en virtude da potencialidade de difusión que ten, podendo ser unha ferramenta práctica de transmitir valores en educación para a cidadanía en eidos diversos como o medio ambiente, deberes e dereitos sociais, corresponsabilidade na mellora da convivencia no concello, etc. A modo de exemplo poderíamos indicar temas de interese social como:*

- *A praga da velutina.*
- *Obrigas de limpeza de monte no entorno de casas.*
- *Denuncia e prevención da violencia de xénero.*
- *Respecto intercultural.*
- *Coidado do medio urbano.*
- *Respecto do medio ambiente: ríos, praias, montes, etc.*
- *Promoción condutas pro cidades amigas da infancia/cidades dos nenos.*

*Rogamos se deseñen e se emitan anuncios cun carácter predominante de educación para a cidadanía a través da Radio Municipal de Redondela. ”*

*O alcalde: toma nota*